# EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
**(SECRETARIA XERAL)**

## CERTIFICADO DE SECRETARÍA

Lucía Artime Alonso Secretaria, do Excmo Concello da Estrada, do que é Alcalde D. José C. López Campos, **CERTIFICO** que, pola Alcaldía dictouse o Decreto nº 2017-893 de data 24 de agosto que a continuación se transcribe:

"Visto o expediente tramitado para a contratación *do seguro de ""RISCOS PATRIMONIAIS E RESPONSABILIDADE CIVIL DE VEHÍCULOS QUE INTEGRAN O PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DA ESTRADA"*

Visto que dentro do prazo concedido presentaron ofertas as seguintes empresas:

-AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
-MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A.
-HELVETIA COMPAÑIA SUIZA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS.

Vistas as declaracións responsables presentadas polas indicadas empresas.

Visto que, de conformidade co estipulado na cláusula 14 das do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, relativa á fase de negociación, envióuselle un escrito a cada unha das empresas presentadas para que formularan contestación, ben confirmando a primeira oferta presentada ou ben mellorando a mesma.

Visto que as empresas AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS e HELVETIA COMPAÑIA SUIZA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, manteñen a oferta presentada inicialmente.

Visto que MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A., no presentou contestación.

Visto que como consecuencia do anterior, a empresa HELVETIA COMPAÑIA SUIZA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, resultou ser a que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello.

Visto que a empresa HELVETIA COMPAÑIA SUIZA., foi a que obtivo a maior puntuación.

Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 7.2 do Decreto 1627/97, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de 15 de xuño de 2015

Vista a avocación da competencia recollida no artigo 10 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e en virtude da mesma

**RESOLVO:**

1º- Avocar a competencia previamente delegada na Xun de Goberno Local

2º.- Adxudicar o contrato de seguros de*"RISCOS PATRIMONIAIS E RESPONSABILIDADE CIVIL DE VEHÍCULOS QUE INTEGRAN O PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DA ESTRADA"* por importe de 25.850,00 euros, a HELVETIA COMPAÑIA SUIZA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS. con CIF n.º A41003864, con enderezo en Paseo Cristobal Colón n.º 26-41001 Sevilla, con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 de 2)
ALCALDE
Fecha Firma: 05/09/2017
HASH: 635ac328dcccd4a6afb6b15c3aef9672

LUCIA ARTIME ALONSO (2 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 05/09/2017
HASH: d00ac2fac7f6acdfb9ec43bf7d9f9c86

Cód. Validación: 5ZC55SQ7T49X9QZGPJZ66Q3Q2 | Verificación: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 2

3º.- Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 10 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

4º- Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores.

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde na Estrada a cinco de setembro de dous mil dezasete.

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Cód. Validación: 5ZC55SQ7T49X9QZGPJZ66Q3Q2 | Verificación: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 2